



RIBEIRA SACRA
Consello Regulador Denominación de Orixe

NOTA DE PRENSA 30 de junio 2020

Pide o teu Ribeira Sacra, espazo de venda online dos viños da D.O. Ribeira Sacra

O **Consello Regulador da D.O. Ribeira Sacra** segue ofrecendo medios ás adegas que forman parte da D.O. Ribeira Sacra para que poidan seguir vendendo os seus viños. No mes de abril poñía en marcha a través da súa web a iniciativa “*Se queres un Ribeira Sacra, pídeo*” e esta semana lanza “*Pide o teu Ribeira Sacra*”.

A [web da D.O. Ribeira Sacra](#) inclúe agora na marxe dereita da páxina de inicio un acceso para facilitar as compras dos viños das adegas que se van inscribindo na iniciativa. De case o cento de adegas que integran a D.O. Ribeira Sacra, moitas contan nas súas páxinas web coa opción de tenda online, con esta nova opción preténdese dar a oportunidade da venda online a adegas que non dispoñen deste servizo de maneira particular, á vez que se crea un escaparate no que se poden centralizar as adegas e as súas marcas.

Nesta nova tenda online na que se centralizan os viños da D.O. pódense adquirir viños das diferentes subzonas, Amandi, Chantada, Quiroga Bibeí, Ribeiras do Miño e Ribeiras do Sil. Se na primeira campaña sumáronse á proposta máis dunha vintena de adegas, nesta ocasión comézase cunha decena delas, pero cada día espérase que se incorporen novas propostas. Neste comezo de campaña as adegas poñen á venda tintos e brancos, crianzas e viños de barrica.

A estas propostas online a D.O. Ribeira Sacra foi incorporando outras medidas destinadas a promocionar os seus viños e o territorio, a última, o pasado 25 de xuño, ao ser un dos patrocinadores do especial ***Julia en la onda adicado á Ribeira Sacra***.

Consello Regulador da Denominación de Orixe Ribeira Sacra
Comercio 6/8 Monforte de Lemos (Lugo) · 27400 · España
Teléfono: (+34) 982 410 968 Fax: (+34) 982 411 265
Comunicación: Marta 698 167 991
Email: comunicacion@ribeirasacra.org